

# CONFECCIONES LÓPEZ HIDALGO, S.L.



**"As principais dificultades refírense ao personal"**

*Carmen López Hidalgo*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Taller de confección téxtil
<b>Sector de actividade</b>	Fabricación de produtos diversos
<b>Nº empregados</b>	4
<b>Inversión inicial</b>	60.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado a partir de fondos propios.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Sobrado, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1998

## Descrición do proxecto

Trátase dun taller de manufactura téxtil centrado na costura. É dicir recibimos as pezas xa cortadas e só temos que coser para confeccionar a prenda. Por outra banda trátase dun taller especializado na confección de roupa de traballo, sobre todo en pantalóns e chaquetas aínda que en certas ocasións realizamos algún outro tipo de peza como poden ser batas.

## Datos empresa

### Claves do éxito

Para alcanzar o éxito é necesario ter unha boa organización, porque senón é imposible. Debes de aportar moita dedicación ás diferentes actividades. Debes desenvolver o traballo do día a día cuns niveis de calidade adecuados. A flexibilidade tamén é un factor moi importante.

### Situación actual

En canto ao proceso de produción a situación non é moi boa, debido a que actualmente non estamos confeccionando as pezas nas que nos especializamos. Somos poucas traballadoras, e eu mesma realizo tarefas de costureira no taller. Temos que confeccionar prendas que incorporan moitos procesos diferentes. Iso implica unha complicación no proceso de fabricación (temos que axustar varias veces a maquinaria), un retraso e consecuentemente un maior custo. Sería máis rendible facer unha menor variedade de pezas que ademais requirisen de poucos procesos distintos.

### Perfil cliente

Temos un único cliente que nos encarga toda a manufactura da roupa. Trátase dunha empresa que vende roupa de traballo.



## Idea inicial

Traballaba nunha cooperativa de confección que tivo dificultades e finalmente tivo que disolverse. Decidín crear o meu taller de manufactura téxtil porque tiña a experiencia e coñecementos do sector. Ademais, pensei que o feito de poder situar o taller perto do meu domicilio, permitiríame compaxinar mellor o traballo coa vida familiar.

## Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades son de persoal, non existe xente que saiba realizar o traballo ben e dunha forma rápida. Neste sector é necesario traballar con rapidez pero tamén é moi importante a calidade na confección das pezas, o inconveniente é que neste sector o traballo non está ben retribuído.

## Perfil promotores

Carmen ten estudos en corte e confección e aporta coñecemento e experiencia no sector téxtil.

## Aptitudes necesarias

Ser moi traballadora.  
Ter ganas.  
Constancia.  
Paciencia.  
Formación.



## Guía de Actividad

**Taller de manufactura textil** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Saír do desemprego**

### Formación

**¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?**

Non, ningunha.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Se é boa formación, si.

### Anecdotalario

Non dispoñible.

